



Antón Avilés de Taramancos

CRONOBIOGRAFÍA

A. Vázquez-Monxardín

1935

O 6 de abril nace na aldea de Taramancos, parroquia de Boa, concello de Noia, no seo dunha familia popular.

1935-52

Trascorre a nenez en Taramancos vivindo coa nai –Lela– e a avoa –Pepa da Pastora– entrementes o pai anda embarcado. Estudia na Escola de Boa e logo prepara o Bacharelato en Noia.

1952

Gaña o concurso de Poesía do Círculo Recreativo do Casino de Noia. Coñece a Otero Pedrayo, quen lle gaba a obra.

1953

Trasládase a Coruña coa intención inicial de estudar Náutica. Fai amigos entre os intelectuais vangardistas e galeguistas: Urbano Lugrís, Xohan Casal, Raimundo Patiño...

1954

Colabora co poema "O barqueiro " en *Aturuxo* de Ferrol.

1955

Publica *As moradiñas do vento*, o seu primeiro poemario como separata de *Atlántica* nº11.

1959

Mentres fai o servizo militar en Ferrol publica *A fruta e o garmelo*, en edición custeada polos amigos.

Recibe carta de Otero Pedrayo de agradecemento e felicitación polo libro *A fruta e o garmelo*.

Escribe *Poemas a Fina Barrios. Pequeno Canto*.

Participa como axudante de dirección na histórica estrea do "Hamlet" de Cunqueiro no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

1960

Vence no Concurso de Poesía de Brais Pinto cos *Poemas a Fina Barrios. Pequeno Canto*, aínda que non sería publicado daquela. 1961 Escribe os *Poemas soltos a Maricarme Pereira* no verán. Emigra a Colombia contra fin de ano.

1961-70

Primeira etapa da vida en Colombia, caracterizada pola aventuras e múltiples traballos.

1962

Traballo na embaixada de Brasil, alí coñece a que sería a súa muller Ana Sofía Baquero Céspedes.

1963

Escribe a primeira entrega dos seus *Poemas da Ausencia*.

**1967**

Nacemento o seu primeiro fillo, Santiago.

1969

Nacemento do seu segundo fillo, Luís. Escribe a segunda entrega dos *Poemas da Ausencia*. Envíalle os poemas a Salvador García-Bodaño.

1970-80

Trasládase a Cali, iniciando unha etapa de estabilidade. Exerce de xerente da Librería Cultural Colombiana en Cali.

1971

Nace o seu terceiro fillo, Guillermo.

1971

Salvador García Bodaño dá a coñecer a súa persoa e obra cun pequeno artigo "Noticia de Avilés de Taramancos" en *Grial*.

1974

O 14 de agosto publica o *Pranto por Urbano Lugrís* no xornal *La Voz de Galicia*.

1976

Viaxa a Galicia a ver a seu pai enfermo que acabará morrendo no mes de setembro. 1978 Escribe poemas para *Nova Crónica de Ulises*.

1980

Volve a Galicia. Trata de montar unha librería en Compostela. Abre unha taberna típica en Noia.

1982

En *O tempo no Espello* recompila toda a obra poética anterior.

1983

Basilio Losada fai unha crítica gabancionsa da súa obra en *Grial*.

1984

Elabora artesanalmente unha edición de *Cantos caucanos* para os amigos. Recita un poema a Castelao no mitin nacionalista da Quintana o Día da Patria Galega.

1985

Dá a luz *Cantos Caucanos*, homenaxe poética ás terras colombianas e mostra da saudade inversa.

1986

Como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega dirixe o III Encontro Galeuzka en Baiona.

1987-1991

Exerce de Concelleiro de cultura en Noia.

1989

Dá á luz dous libros: o poemario *As Torres no Ar* e o seu único libro de narrativa, os relatos de *Nova Crónica das Indias*.

1990

Morre a súa nai Lela da Pastora.

1992

M.A. Fernan Vello recolle nunha *Antoloxía Poética* o mellor da obra do autor para a colección Biblioteca 114 do *Correo Galego*.

Morre o 22 de marzo no Hospital Juan Calanejo da Coruña.

Publicase o poemario de despedida *Última fuxida a Harar*.

Publicase a recompilación xornalística *Obra Viva*, sobre todo das colaboracións no xornal Barbanza.

1993

Luzes de Galicia, nº 21 dedícalle un extraordinario.

1995

A Asociación de Escritores en Lingua Galega organiza unha exposición itinerante de fotos e textos de amigos.

1997

X.M. Alvarez Cáccamo escribe *A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos* e edita a súa *Obra poética: antoloxía*. 2002 *A Nosa Terra* dedícalle o extra nº21 da serie *A Nosa Cultura*.

2002

A Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras de 2003.

2003

Toda Galicia lle rende homenaxe con publicacións, congresos e coa grande difusión pública dunha obra ata o momento pouco coñecida.



BIBLIOGRAFÍA

Marcos Valcárcel

- AGRELO HERMO, XOSÉ e SANPEDRO MARTÍNEZ, PILAR, *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos*, Ed. Toxosoutos, Muros, 1995.
- AGRELO HERMO, X., "Os compromisos de Avilés", en "Avilés de Taramancos", *A Nosa Terra-A Nosa Cultura*, 2002, pp.14-16.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA, "Avilés de Taramancos, alta torre", en "Galicia Literaria", *Diario 16 de Galicia*, Vigo, 7-III-1990.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, X.Mª, "A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos", *Historia da Literatura Galega*, Ed. Asociación Socio-Pedagóxica Galega-A Nosa Terra, Vigo, 1996, fascículo 46, pp.1441-1472.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, X. Mª, "A semente e o navío (Sobre "As torres no ar")", *A Nosa Terra- A Nosa Cultura*, Vigo, 2002, pp. 41-43.
- ANGUEIRA, ANXO, "Antón Avilés de Taramancos, "Última fuxida a Harar", *A trabe de ouro*, Santiago, n. 14, 1993.
- ARXONS ALVAREZ, COLORES-CASTRO RODRÍGUEZ, XAVIER, "Poesía de mocidade dun home de Taramancos", *A Nosa Terra-A Nosa Cultura*, Vigo, 2002, pp. 32-33.
- CACHEIRO, MAXIMINO, "Cantos caucanos": a América de Taramancos", *Diario 16 de Galicia*, Vigo, 29-III-1992, p.76.
- CAPELÁN, ANTÓN, "Singularidade da "Nova Crónica de Índias"", *A Nosa Terra*, Vigo, n.420, 15-II-1990, p.18.
- CAPELÁN, A., "Avilés de Taramancos, "Ergueito no camiño", *A Nosa Terra*, Vigo, n.521, 7-V-1992.
- CAPELÁN, A., "A fusión mítica na obra de Avilés de Taramancos", *Luzes de Galiza*, n. 21, Sada-A Coruña, febreiro 1993, pp. 40-49.
- CAPELÁN, A., "Os sonhos comprometidos dun poeta épico", en "Avilés de Taramancos", *A Nosa Terra-A Nosa Cultura*, 2002, pp.17-31.
- CARBALLA, XAN, "Entrevista a Antón Avilés de Taramancos", *A Nosa Terra*, Vigo, 27-VI-1980.
- CARBALLA, X., "O poeta é o guieiro dos sentimentos. Entrevista a Avilés de Taramancos", *A Nosa Terra*, Vigo, 19-VI-1987.
- CARBALLA, X., "Antón Avilés de Taramancos. "Sen poetas xa teríamos perdido a nosa identidade como nación", *A Nosa Terra*, Vigo, n.516, 26-III-1992, p.26.
- CASARES, CARLOS, "A ledicia de ler. "O tempo no espello", *La Voz de Galicia*, A Coruña, 25-XI-1982.
- CASAS, ARTURO, "Comentario do poema "Ainda ferida da caída", de Antón Avilés de Taramancos", en www.usc.es/~tlcasas/docs/AVILES.htm
- FONTE, RAMIRO, "As lendas de Avilés de Taramancos", en "Galicia Literaria", *Diario 16 de Galicia*, Vigo, 25-IV-1992.
- GARCÍA BODAÑO, SALVADOR, "Noticia de Avilés de Taramancos", *Grial*, n. 31, Vigo, Xaneiro-Marzo 1971, pp.63-66.
- GARCÍA BODAÑO, S., "Avilés de Taramancos, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol.3, Silverio Cañada editor, Santiago-Xixón, 1975, p.25.
- GARCÍA BODAÑO, S. , "Introducción" en AVILÉS DE TARAMANCOS, A., *O tempo no espello*, Ed. Do Castro, Sada-A Coruña, 1982, pp. 5-12.
- LÓPEZ VALCÁRCCEL, XULIO, "As torres no ar", *Luzes de Galiza*, n.21, Sada-A Coruña, febreiro 1993, p. 26.
- LOSADA, BASILIO, "O tempo no espello, por Antón Avilés de Taramancos", *Grial*, n.81, Vigo, Xullo-Setembro 1983, pp. 382-384.
- MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS, "Avilés de Taramancos", en *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Ed. Xerais, 1984, pp.294-296.
- RAÑA, ROMÁN, "Antón Avilés: Torres de ar e amor", en "Galicia Literaria", Vigo, *Diario 16 de Galicia*, Vigo, 25-IV-1992.
- SÁNCHEZ, CESÁREO, "Avilés de Taramancos", *Luzes de Galiza*, Sada-A Coruña, n.19-20, verán 1992, p.53.
- SEARA, TERESA, "Do epicentro á luz (Notas para un comentario de Antón Avilés de Taramancos)", *A Nosa Terra-A Nosa Cultura*, Vigo, 2002, pp. 45-47.
- RODRÍGUEZ BAIXERAS, XAVIER, "Antón Avilés ou a verdade da poesía", *Luzes de Galiza*, Sada-A Coruña, n.21, febreiro 1993, p.27.
- VEIGA, MARTÍN, "Un home fronte á vida. A Nova Crónica das Indias", *A Nosa Terra-A Nosa Cultura*, n.21, Vigo, 2002, pp. 48-54.
- VILAVEDRA, DOLORES, coordinadora, "Avilés Vinagre, Antón", *Diccionario da Literatura Galega, I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995, pp.64-65.
- VILAVEDRA, D., coordinadora, "Última fuxida a Harar", *Diccionario da Literatura Galega, III. Obras*, Vigo, Galaxia, 2000, pp.467-471.
- VILLALTA, LUISA, "Un canto á procura do corpo", *A Nosa Terra-A Nosa Cultura*, Vigo, 2002, pp. 34-40.
- VV.AA., *Homenaxe a Avilés de Taramancos*, Concello de Noia, 1992.
- VV.AA., "Antón Avilés de Taramancos In memoriam", *Luzes de Galiza*, Sada-A Coruña, Ed. Do Castro, n.21, febreiro 1993.
- VV.AA., "Antón Avilés de Taramancos", *A Nosa Terra- A Nosa Cultura*, n.21, Vigo, 2002.